

## CONVOCATORIA BOLSAS SANTANDER CRUE-CEPYME 2017/2018

Ábrese a sexta convocatoria do programa de prácticas Santander-CRUE-CEPYME, no que participa a Universidade de Vigo, co obxecto de promover a realización de prácticas de estudantes matriculados nas universidades españolas asociadas á CRUE durante un período de tres meses en pequenas e medianas empresas, facilitando así a súa posterior inserción laboral. Nº de bolsas: 118.

### **Período das prácticas e duración:**

As prácticas terán unha duración de **3 meses**, que poderán ampliarse a 6, se a empresa de acollida se compromete a abonar a mesma ou superior axuda mensual durante o tempo que exceda aos 3 meses con bolsa.

As prácticas adxudicadas non poderán comezar ata o 15 de febreiro de 2018 e **deberán rematar o 30 de setembro de 2018**, con posibilidade de ampliación ata o 31 de decembro do mesmo ano 2018, previa petición por parte da universidade á CRUE.

O inicio do período de prácticas será a principios de cada mes, debendo quedar formalizadas con 3 semanas de antelación e unha vez rematado o proceso de adxudicación das mesmas. As asignacións/adxudicacións das bolsas rematarán o 15 de xuño de 2018. A partir desta data pecharase a plataforma [www.becas-santander.com](http://www.becas-santander.com)

En ningún caso a duración total das prácticas poderá exceder o cincuenta por cento do curso académico.

**Horario: Media xornada en horario de mañá ou tarde. 20 h semanais.**

### **Importe da bolsa:**

**Total: 785,82 € brutos**, segundo cota da seguridade social vixente.

En caso de rematar o período de prácticas antes dos tres meses fixados para a mesma a instancia do estudante beneficiario da bolsa, este unicamente poderá recibir o importe da bolsa correspondente ás mensualidades completas durante as que realice a práctica.

Así mesmo, a transferencia realizarase a unha conta que o/a estudante seleccionado deberá ter no Banco de Santander.

## INFORMACIÓN PARA OS ESTUDANTES

Requisitos de participación:

- Estar matriculado na Universidade de Vigo: ensinos oficiais de Grao, titulacións de primeiro ou segundo ciclo, máster oficial ou propio.
- Ter superados o 50% dos créditos totais do plan de estudos (no caso de máster non se terá en conta esta condición).
- Non manter relación contractual de tipo laboral, de prestación de servizos ou asimilable coa empresa, institución ou entidade onde realizará a práctica.
- Non ser alumno receptor de bolsa nas anteriores convocatorias do programa Santander.

Non estar disfrutando doutra axuda ou bolsa formativa de características análogas a este programa.

- **Os estudantes terán que inscribirse na plataforma web que habilitou Santander Universidades para este Programa na páxina [www.becas-santander.com](http://www.becas-santander.com) e na nosa web: <http://www.bolsas.fundacionuvigo.es/> e subir a seguinte documentación:**

- *Currículo Vitae*
- *Expediente académico que terá que conter a media do expediente en base 10*
- *Xustificante de matrícula*
- *Horario lectivo (horario de asistencia a clase)*

*Dado que as prácticas poderán levarse a cabo ata o 31 de decembro de 2018, o alumnado que teña previsto matricularse no curso académico 2018/2019 poderá inscribirse nesta convocatoria.*

*Serán desestimados todos aqueles candidatos que non aporten correctamente e en prazo a documentación solicitada.*

**O prazo de inscrición é ata o 31 de xaneiro de 2018.**

## INFORMACIÓN PARA AS EMPRESAS

Requisitos de participación:

- Ser unha PEME, microempresa, autónomo, fundación, ONG ou demais asociacións e entidades sen ánimo de lucro situados en territorio nacional, entendéndose as primeiras como aquelas empresas que ocupan a menos de 250 persoas e cuxo volume de negocios anual non excede de 50 millóns de euros ou cuxo balance xeral anual non excede de 43 millóns de euros.
- As empresas interesadas en participar neste programa deberán inscribirse na plataforma habilitada por Santander Universidades na páxina web [www.becas-santander.com](http://www.becas-santander.com).

**Ademais, terán que subir na páxina web a descrición detallada da oferta de prácticas (Solicitud de Estudiantes para a realización de Prácticas Formativas).**

- Nesta convocatoria **as empresas deben realizar unha contribución de 450 € ao Programa “Becas Santander CRUE CEPYME Prácticas en Empresa”** no momento da inscrición (Ver bases xerais Pymes, microempresas, autónomos, fundacións, ONG´s e demais asociacións e entidades sen ánimo de lucro).

**O prazo de inscrición é ata o 31 de xaneiro de 2018**

### PROCESO DE ADXUDICACIÓN

1. Selección das ofertas recibidas:

Á hora de seleccionar as propostas recibidas atenderase aos seguintes criterios:

- **Ofertas de empresas que asuman compromiso de ter aos estudantes outros 3 meses asumindo o pago da axuda económica correspondente á ampliación do prazo. As empresas deberán comunicar por escrito ou correo electrónico á Fundación Universidade de Vigo ([practicas@fundacionvigo.es](mailto:practicas@fundacionvigo.es)) dito compromiso antes da finalización do prazo de inscrición.**
- Ofertas de empresas que teñan relación comercial co Banco Santander e/ou con “Cuenta 123 Pyme” aberta.
- Ofertas para a realización de prácticas e proxecto formativo especialmente adecuados a estudantes con discapacidade.
- Ofertas de empresas colaboradoras da Universidade de Vigo (Asinado convenio de cooperación educativa para a realización de prácticas académicas externas).
- Ofertas de empresas creadas como spin-off da Universidade de Vigo ou empresas vinculadas ás Cátedras de Empresa Familiar da Universidade de Vigo.

2. Unha vez rematado o prazo de inscrición e á vista das ofertas que publiquen as empresas na web de Santander Universidades, a Fundación Universidade de Vigo realizará a revisión da documentación de candidatos atendendo aos seguintes criterios:

- Adecuación dos candidatos ao perfil de estudos da oferta.

- Nota media de expediente: No caso de existir un número elevado de candidatos/as para a mesma oferta, ordenaranse por nota media de expediente e enviaranse ás empresas os mellores expedientes (10 candidatos por praza).
- Terán preferencia os estudantes que non realizaran anteriormente una práctica académica externa extracurricular.

3. As empresas, á vista dos CV enviados pola Fundación Universidade de Vigo e tras realizar as entrevistas que consideren oportunas, seleccionarán ao/á estudante para as prácticas.

4. A Fundación Universidade de Vigo pedirá aos estudantes seleccionados para a realización dalgunha das prácticas ofertadas a seguinte documentación:

- Fotocopia do DNI
- Xustificante do número de conta bancaria do Banco Santander do que é titular
- Nº da Seguridade Social ou no seu caso Modelo TA-2 (Alta na Seguridade Social)
- Asinar carta de aceptación da bolsa e documento de formalización da práctica académica externa

PROCESO DE XESTIÓN DA BOLSA
Inscripción de empresas e estudantes <b>ata o 31 de xaneiro de 2018</b>
Publicación listado de solicitantes admitidos e excluídos
Formalización documental da bolsa

## **DOCUMENTOS DE XESTIÓN DO PROGRAMA NA UNIVERSIDADE DE VIGO E NORMATIVA**

### Documentos de xestión coas empresas colaboradoras:

- Proposta de prácticas para as titulacións da Universidade de Vigo que debe subir na web [www.becas-santander.com](http://www.becas-santander.com)
- Convenio de Cooperación Educativa entre a Empresa/entidade coa Universidade de Vigo
- Documento de “Formalización da práctica académica externa”
- Documento de avaliación das prácticas do/da estudante por parte do titor da empresa/entidade (Nota: as empresas deberán nomear un titor responsable do seguimento da realización da práctica do alumno/a)

### Documentos para os/as estudantes:

- Documento de “Formalización da práctica académica externa”
- Documento de avaliación da práctica que debe entregar o/a estudante ao remate da mesma.